DEPUTACIÓN DE LUGO

D E C R E T O

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 28.08.2026, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a elaboración dunha listaxe de emprego de FISIOTERAPEUTA, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 201, do 03.09.2026).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, publicadas no BOP núm. 260, do 12.11.2025.

As cualificacións finais definitivas e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe, publicouse na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) así como no taboleiro de anuncios da entidade o 05.11.2026.

Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a elaboración da listaxe de emprego temporal de FISIOTERAPEUTA da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado proponse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, RESOLVA:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de FISIOTERAPEUTA, grupo A – subgrupo A2, aprobando a inclusión da persoa proposta polo Tribunal que a continuación se sinala:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
1	GÓMEZ DÍAZ, TERESA MARÍA	30,2500
2	JATO DÍAZ, BRUNO	28,4375
3	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, ANA	26,5625
4	GUTIÉRREZ ARROYO, SILVIA YESENIA	24,8125

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos se realice conforme aos criterios que rexen a incorporación de persoal para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, de acordo co sinalado na resolución da presidencia vixente no momento da súa publicación.

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 09/11/2026 ata a día 23/11/2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.

San Marcos, 8 – 27001 Lugo – Tel.: 982 260 000 – Fax: 982 260 165 www.deputacionlugo.org

	IV7742J5L5ZJRW4SYRWNF72HCA	Fecha y Hora	09/11/2026 11:05:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7742J5L5ZJRW4SYRWNF72HCA	Página	1/2

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na páxina web corporativa da Deputación de Lugo".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 14-01-2026
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 09/11/2026 ata a día 23/11/2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

	IV7742J5L5ZJRW4SYRWNF72HCA	Fecha y Hora	09/11/2026 11:05:34
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7742J5L5ZJRW4SYRWNF72HCA	Página	2/2